# CEIP PLURILINGÜE DA RIBEIRA



ACTIVIDADES EDUCACIÓN INFANTIL 4-5 ANOS

Ola familias!

Unha semana máis convosco desde casa. Xa hai tempo que me dei conta que todos e todas os nenos e nenas sodes uns superheroes e unhas superheroínas. Estades a demostrarnos aos adultos que sabedes comportarvos ante situacións difíciles como a que nos tocou vivir e aínda que hai un pouco de alivio aínda non podemos presumir de normalidade e temos que andar con precaución e aceptar as normas estipuladas polo ben de todos. E  sei que  ides seguir comportándovos tan ben como ata o de agora, por iso esta semana as actividades que expoño van estar relacionadas con superheroes e superheroínas.  Espero que vos gusten.

Tamén quero dicir ás familias que as comparo nesta ocasión cos INCRIBLES unha familia de superheroes que logra salvar o día soamente cando permanecen unidos como equipo e como familia.

As actividades comezan levando a cabo os nenos/ as de luns a venres  as rutinas de todos os días, ver e dicir o día da semana,  o mes, a estación na que estamos, que tempo vai,…

- **<u>O luns</u>**, un debuxo do superhéroe  que máis  lle guste, tentando que escriban á súa maneira  o nome do superheroe ou superheroína  e de todos os elementos que aparezan no debuxo.

- **<u>O martes</u>**, lectoescritura. Tamén podedes  ver os nomes dos diferentes superheroes e superheroínas e dicirlle que elixa os que lle gustan e logo que tente escribir os  nomes deles ou delas.

- **O mércores**, ler a poesía OS SUPERHÉROES. Buscar palabras coñecidas  e curtas como TRAXES, FORZA, SALTAR, VOAR e outras mais longas como PODERES, INCRIBLE, VALEROSOS,…
- **O xoves**, lóxico matemáticas. CONTEO, SUMAS E RESTAS SINSELAS.
- **O venres**, quebracabezas dos superheroes e das superheroínas, realizar caretas, antefaces, capas,…con diversos materiais.colorear os/as superheroes e superheroínas favoritos/as. Tamén con material de reciclaxe como rolos de papel hixiénico,  con plastilina,… e, por suposto, se queredes, ver algunha película de superheroes en familia a través do medio audiovisual que queirades.

Espero que enviedes ao meu correo electrónico os vosos traballos, que facedes na vosa casa. Este é o meu correo electrónico  elvira1cs@hotmail.es

Xa sabedes que a través do meu whatsApp
podedes enviarme videos e traballos dos/as nenos /as.

Grazas pola vosa colaboración!

Vémonos axiña! Bicos!

IMAXES E NOMES DE  ALGÚNS SUPERHEROES E ALGUNHAS SUPERHEROÍNAS



SUPERMAN



BATMAN



LADYBUG



BOB PARR

MISTER INCREIBLE



HELEN PARR

ELASTIGIRL



VIOLETA PARR



DASH PARR



JACK-JACK



SPIDERMAN



SUPERGIRL



HULK



MUJER MARAVILLA

LECTOESCRITURA.

IDENTIFICA O NOME DOS SUPERHEROES E DAS SUPERHEROÍNAS



LADYBUG



SUPERMAN



SUPERGIRL



SPIDERMAN

ATOPA AS PALABRAS TRAXES, PODERES, VOAR E VALEROSOS RELACIONADAS COS SUPERHEROES E COAS SUPERHEROÍNAS.

CASA PODERES ATRAPAR

CAPA TRAXES

PELÍCULA VOAR NOME

FAMOSOS VALEROSOS

PODERES FORZA VOAR

TRAXES INVISIBLE

VALEROSOS PAPÁS INCRIBLES

PODERES SOBRENATURAIS

VOAR SALTAR TRAXES VALEROSOS

ADIVIÑA E ESCRIBE OS SEUS NOMES



| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | |



| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | |



| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | |



# OS SUPERHEROES

TEÑEN TRAXES ESPECIAIS
PODERES SOBRENATURAIS,
UNHA FORZA INCRIBLE
ATA HAI ALGÚN INVISIBLE!

PODEN SALTAR E VOAR
NINGUÉN OS PODE ATRAPAR!
TODOS ELES SON FAMOSOS
E TAMÉN MOI  VALEROSOS.

UNS VIVEN NA MIÑA CASA,
É VERDADE, NON ESTOU DE BROMA,
SON OS QUE ME GUSTAN MÁIS,
ELES SON OS MEUS  SÚPER PAPÁS.

LÓXICO-MATEMÁTICAS

CANTOS SUPERHEROES E SUPERHEROÍNAS VES?



LÓXICO-MATEMÁTICAS

INDICA O NÚMERO DE SUPERHEROES E SUPERHEROÍNAS EN CADA CASO.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | 8 | 5 | 4 | 3 | 5 | 6 | 5 | 8 |





| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 7 | 9 | 8 | 5 | 6 | 4 | 8 | 7 | 9 |





SUMAS

2+5=

3+3=

5+4=

6+3=

7+4=

8+2=

3+3=

4+2=



# RESTAS

 -  =

 -  =

 -  =

 -  =

E, CON MATERIAL DIVERSO… PODEMOS COLOREAR FACER CARETAS, ANTEFACES,EMPREGAR ROLOS DEPAPEL HIXIÉNICO,…










